

AVISO

O Concello do Pereiro de Aguiar publicou no BOP de Ourense do 11 de outubro de 2023 as bases reguladoras para a concesión de axudas para a mellora e perfeccionamento de deportistas que destaquen nas súas participacións en competicións oficiais de carácter individual nas distintas modalidades deportivas recoñecidas para o ano 2023.

Prazo de presentación

Ata o 13 de novembro de 2023.

Beneficiarios e requisitos para a obtención de axudas

As axudas poderán ser destinadas a deportistas menores de 18 anos e a deportistas maiores de 18 anos (inclusive) con resultados deportivos individuais e referidos á súa respectiva disciplina ou modalidade deportiva durante a anualidade 2022/2023 e que cumpran os seguintes requisitos:

1. Estar inscrito no padrón municipal de habitantes do Concello do Pereiro de Aguiar cun mínimo dun ano de antigüidade ininterrompida á data de presentación da solicitude.
2. Dispoñer de licenza en vigor pola Federación Deportiva Galega da modalidade deportiva na que se solicita a axuda. No caso de modalidades deportivas non integradas en federacións deportivas galegas, será considerada a licenza estatal.
3. Non estar cumprindo sanción firme por infracción disciplinaria ou administrativa en materia deportiva, cualificada como grave ou moi grave.

Contía da axuda

Máximo de 200 euros por deportista individual.

Documentación a presentar xunto coa solicitude

- Fotocopia DNI
- Copia da licenza deportiva en vigor.
- No caso dos menores de idade, ademais da fotocopia do seu DNI, xuntarase o do pai, o da nai ou do titor, así como fotocopia do libro de familia.
- Certificado da federación no que acredite que o solicitante non está cumprindo sanción firme por infracción disciplinaria ou administrativa en materia deportiva, cualificada como grave ou moi grave.
- Certificado do mellor resultado obtido emitido pola secretaría xeral da federación en cuestión, xunto coa Acta da competición, referido ao período subvencionable, acreditando a consecución polo menos e como mínimo dun (1) dos seguintes postos ou resultados deportivos individuais e referidos á súa respectiva disciplina ou modalidade deportiva durante a anualidade 2022/2023.
 - a) Podio (1º, 2º ou 3º) no campionato individual provincial (da provincia de Ourense).
 - b) Lograr do 1º ao 10º posto individual no campionato galego (ambos os dous incluídos).
 - c) Lograr do 1º ao 15º posto individual no campionato de España.
 - d) Campión/a universitario individual galego.
 - e) Lograr do 1º ao 3º posto individual no campionato universitario estatal.

Enlace á convocatoria

<https://bop.depourense.es/portal/descargarPdf.do?numBoletin=235&fecha=20231011>

O alcalde, Luís Menor Pérez.

